



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DAS EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE MARISQUEO CON VARA DENDE EMBARCACIÓN DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARRIL.

ANTECEDENTES

1. A Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2019 aproba o plan de xestión para a modalidade de marisqueo con vara dende embarcación da Confraría de Pescadores de Carril. O dito plan inclúe a ampliación de tres (3) novos permisos.
2. Por Resolución da Xefatura Territorial de Vigo publicada o 27 de marzo de 2019, convocouse o proceso selectivo para a ampliación dos permisos indicados no apartado anterior.
3. Rematado o prazo de presentación das solicitudes conséntase que se presentaron catro solicitudes ao proceso selectivo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, entre outros requisitos establece no artigo 42.1: "A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión".
2. A Resolución do 22 de outubro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (DOG núm. 209 do 31 de outubro de 2013) establece o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión.
3. De acordo co disposto no citado baremo, e por tratarse de acceso a novos permisos, as prazas cubriranse entre os solicitantes asignándose en primeiro lugar ás embarcacións que posúan a modalidade de libre marisqueo no permiso de explotación, sempre e cando a persoa solicitante teña a condición de armador/a da embarcación cun mínimo de 2 anos á data da convocatoria do proceso selectivo (en función da maior antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial da entidade titular do plan de explotación). No caso de que as prazas non se cubran segundo os criterios de preferencia indicados, asignaríanse segundo a puntuación obtida de aplicar o establecido no apartado C do baremo.





4. A Xefatura Territorial da Consellería do Mar de Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo o Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Aprobar a relación provisional das embarcacións seleccionadas para a ampliación de tres (3) novos permisos de explotación para o marisqueo con vara dende embarcación da Confraría de Pescadores de Carril (ANEXO I).

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa.

Contra o disposto nesta resolución poderase presentar alegacións no prazo de 15 días a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución ante a Xefatura Territorial de Vigo da Consellería do Mar.

Sonia Lorenzo Santos

Xefa territorial





XUNTA DE GALICIA

Xefatura Territorial de Vigo
Servizo de Recursos Mariños
Rúa Concepción Arenal, n.º 8, 4ª planta
Tfno. 986817125
seccion.pesca.vigo@xunta.gal



ANEXO I

**Proceso selectivo para obtención de novos permisos de explotación para o marisqueo con vara dende embarcación
Confraría de Carril**

**SOLICITUDES ADMITIDAS
(puntuadas e ordenadas alfabeticamente polo nome da embarcación)**

			CRITERIO DE PREFERENCIA	PUNTOS (apartado C do baremo)								
Nome	Matrícula e folio	Libre marisqueo e 2 anos de antigüidade	Nº artes	Vendas en lonxa	Actividade pesqueira	2 anos de antigüidade no porto base	Nº de embarcacións do/a armador/a	Formación		Experiencia profesional	TOTAL	
								Cursos	Titulación			
CAMBA	3ª-VILL-3-9952	NON	4	0	0	0	3	0	0	0	7,00	
JENNIFER	3ª-VILL-3-9-95	SI	2	0	0,5	8	3	1,2	0,3	0	15,00	
CANELA	3ª-VILL-1-3829	NON	1	0	0	0	3	1,2	1,3	0	6,5	
LOS DOS	3ª-VILL-1-4705	NON	3	0	0	0	0	0	0,3	0	3,3	

